

IDEAS POR ESTANCIAS



Xa van 11 días sen ir ao cole, eu teño moitas gañas de volver á clase pero, a que xa lle vamos collendo o truco? Ánimo! Sodes moi, moi fortes. Velaquí novas propostas:

COCIÑA



Idea 11: Pintar con garfo.

Empregaremos un garfo de plástico (preferiblemente) para, facendo uso de témperas, pintar sobre un folio. Podemos presentar un debuxo en concreto (un ourizo, un can, flores, etc.) para que eles completen ou ben, podemos deixar que debuxen libremente. Finalmente, podemos decorar con anacos de cartolina ou de papel de cores.



BAÑO



Idea 11: Pintar con esmaltes de unllas.

Nesta actividade empregaremos auga que deberemos botar nun recipiente baixo e ancho. A continuación, deixaremos caer sobre a auga pingueiras de esmalte que quedarán flotando na superficie. Cando teñamos varias cores, colocaremos

suavemente un folio sobre a superficie da auga. Deste xeito, o esmalte quedará adherido. Probádeo, o efecto é xenial!

HABITACIÓN DOS MAIORES



Idea 11: Pendentes.

Traballaremos empregando diferentes tipos de pendentes cos que podemos xogar a reunir por parellas. A colocar en orde dos máis grandes aos máis pequenos. A clasificar polas súas cores ou formas. Ensañar como se pechan e abren. Etc. As posibilidades son moi variadas.

HABITACIÓN DOS PEQUES



Idea 11: O rolo empático.

Empregamos novamente un rolo de cartón de papel hixiénico. Sobre a superficie do mesmo debuxaremos un neno que decoraremos ou ben pintando ou ben pegando anacos de cartolina, por exemplo. A cabeza será un círculo que un adulto deberá recortar. No interior do rolo, colocaremos unha tira de folio que deberemos unir para que quede como un cilindro e no que, a altura do burato da cabeza, teremos debuxado diferentes expresións (asustado, contento, triste, enfadado, etc.). No caso dos maiores poden debuxalas eles mesmos pero no caso dos pequenos poden colaborar e xogar a mostrar a expresión que porían se...



SALÓN



Idea 11: Maracas improvisadas.

Empregaremos un ovo sorpresa ao que lle meteremos uns grans de arroz, lentellas ou pedriñas e dúas culleres de plástico. Simplemente colocaremos as culleres ao redor do ovo e, empregando cinta adhesiva o uniremos. Despois podemos decorar con pegatinas, pegando anacos de papel ou recortes de revistas, etc.



CORREDORES



Idea 11: Corredor de texturas.

Disporemos no chan do corredor diferentes texturas que podemos conseguir con prendas de roupa como impermeables, abrigos de lá, chaquetas; con papeis, cartóns, plásticos de burbullas; con elementos da cociña como pasta, lentellas, etc. Primeiros pisaremos e expresaremos que sensacións nos provocan (frío/quente, duro/brando, liso/áspero, agradable/desagradable, etc.) para despois xogar a, por exemplo, adiviñar qué están a pisar.